

OS MISERÁBEIS

Ladj Ly, 2019

605

ESTREA EN NUMAX: 22.11.2019 | V.O.S.G. | +16

Les misérables (2019, 100')

Dirección: Ladj Ly

Guión: Ladj Ly, Giordano Gederlini, Alexis Manenti

Elenco: Damien Bonnard, Alexis Manenti, Djibril Zonga, Jeanne Balibar, Steve Tientcheu

Son: Arnaud Lavaleix

Montaxe: Flora Volpelière

Fotografía: Julien Poupard

Dirección de arte: Karim Lagati

Vestiario: Marine Galliano

Produtora: Lily Films, Rectangle Productions, Srab Films (Francia)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Premio do Xurado)

FILMOGRAFÍA

Les misérables, 2017 [curtametraxe]

A viva voz, 2015 [co-dirixido con Stéphane de Freitas]

365 Jours au Mali, 2013 [curtametraxe]

Mali sur la trace des otages français, 2010

Go Fast Connexion, 2009 [curtametraxe]

365 Jours à Clichy Montfermeil, 2007

28 milímetros: retrato de una generación,

2006 [co-dirixido con JR]

Montfermeil les bosquet, 1997 [curtametraxe]

SINOPSE

Baseada na curtametraxe homónima, a película céntrase na historia de Stéphane que, á súa chegada a Cherburgo, se une á brigada contra o crime de Montfermeil. No seu equipo atópanse dous axentes, Chris e Gwada, coñecidos por empregar uns métodos de investigación bastante peculiares. Stéphane terá que lidar cos gángsters do barrio e aprender a moverse no mundo criminal sen ser descubertos. Durante un arresto e aproveitando un despiste dos axentes, un dron empeza a gravar cada un dos seus movementos.

Subtítulos traducidos ao galego co apoio
da Secretaría Xeral de Política Lingüística

«Describe con forza o
inferno dunha *banlieue*.
Poderosa ópera prima»

Carlos Boyero, EL PAÍS



“Con este filme quixen expresar que, para min, aínda hai unha esperanza”

Entrevista con Ladj Ly

Por Stéphane Delorme e Jean-Philippe Tessé

Vostede criou-se em Montfermeil¹, bairro que filmou ao longo do tempo em curtas e documentais antes de assinar *Os miseráveis*. Como foi evoluindo a sua maneira de filmalo e como se impuxo a ideia de fazer uma ficção? Sempre filmei este território, fixen unha primeira curtametraxe cando tiña 17 anos e merquei a miña primeira cámara aos 19. Agora teño 39 así que podo dicir que levo máis de vinte anos a filmar Montfermeil. Empecei a filmar os policías para denunciar os seus abusos porque vivía nun barrio complicado no que os xendarmes abusaban do seu poder. Difundín numerosas gravacións a través da rede e axiña me convertín en inimigo da policía. Até que un día, en 2008, gravei uns axentes dándolle unha malleira a un rapaz esposado. Ao día seguinte chamáronme a comisaría, viron o vídeo e comprenderon que estaban na merda. Eran uns vinte axentes ao meu redor ameazándome. Eu díxenlles que podían quedar coa copia, que non ía difundir as imaxes aínda que, obviamente, xa tiña feito copias. Ao deixarme libre decidín chamar a Costa-Gravras, pai do meu compañeiro Romain, que nos aconsellou levar as imaxes a Rue89².

Ao difundir estas imaxes o escándalo foi maiúsculo, a prensa recolleuno e suspenderon os policías implicados. Era a primeira vez que isto sucedía por morduns vídeos. Esa historia é o punto de partida d'*Os miseráveis*, comprender a forza das imaxes, que a miña cámara era unha arma. Eu, coa miña cámara, era o ollo do barrio e o personaxe de Buzz, que está interpretado polo meu fillo, é unha versión moderna de min mesmo, co seu dron que lle permite mostrar a xeografía da vila, o seu illamento, a súa organización.

En todo caso a querencia pola ficción sempre estivo aí. Durante estes anos non parei de filmar. Fixen *365 Jours à Clichy-Montfermeil* (2007) sobre as revoltas de 2005, *Go Fast Connexion* (2009) sobre o tráfico de cannabis, seguí o conflito de Mali durante un ano en *365 Jours au Mali* (2014) e realicei canda Stéphane de Freitas *A viva voz* (2016) sobre un concurso de oratoria. Todos estes filmes foron unha maneira de formarme porque eu non fun a ningunha escola e tiña necesidade de aprender. Tiña tamén certa presión porque os meus colegas de Kourtrajmé³ xa tiñan feito as súas longametraxes.

No filme todo responde a un equilibrio entre forzas diversas con intereses ben definidos e un desafío continuo entre os protagonistas. É contra iso que se revolven os rapaces. Absolutamente.

A preocupación de todas as forzas presentes é que a cousa non dexenere. A partir de aí, estarán obrigados a falar. Isto non significa que no barrio haxa sempre problemas, no filme todo se concentra

nunha xornada pero evidentemente non sucede sempre así. Son barrios totalmente abandonados polos poderes públicos e, ao ficar sen cobertura, teñen que autoorganizarse. As distintas forzas vense obrigadas a falar pero iso non significa que se queiran, de feito detéstanse. Pero aínda así falan. Mesmo cos polis, teñen que falar.

É esta hipocrisía xeral a que denuncian os nenos o verdadeiro punto de vista do filme?

Si, é sobre todo un filme sobre a infancia, sobre o que significa medrar nestes barrios. O filme comeza con estes nenos que animan o equipo de fútbol de Francia, bandeira en man, e termina cos mesmos nenos atacando ese outro símbolo de Francia que é a policía. Estes rapaces son a vindeira xeración, todo depende deles. O meu filme é un berro de alerta dirixido aos políticos, porque eles son os primeiros responsábeis. Quixen deixar o filme aberto para dicir: Que facemos agora? Sentámonos a buscar solucións ou deixamos que a situación apodreza? Con este filme quixen expresar que, para min, aínda hai unha esperanza.

Publicado en Cahiers du Cinéma, nº760, novembro 2019

Tradución: Xan Gómez Viñas

1 Municipio da rexión da Illa de Francia, pertencente ao departamento Sena-San Denis, forma parte da aglomeración urbana parisiña.

2 Xornal dixital francés fundado en 2007 por antigos xornalistas de Libération.

3 Colectivo artístico especializado na creación audiovisual fundado en 1994 por Kim Chapiron, Toumani Sangaré e Romain Gavras.

NA LIBRERÍA NUMAX

Los miserables, Victor Hugo
Austral, 2018

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax

